



RECLAMACIÓN DA PAGA EXTRA DE DECEMBRO DE 2012

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

INFORMACION IMPORTANTE PARA RECUPERAR A PAGA EXTRA EXPROPIADA

PRAZOS PARA INTERPOÑER RECURSO

- Catro anos: ata xaneiro do 2017

QUE DEMANDAMOS NO RECURSO?

O reclamado é a paga extra de Nadal máis os días devengados da paga extra ao entrar en vigor o Decreto-lei o 15 de xullo.

Ao persoal funcionario: de carreira, persoal interino e substituto.... **DESACONSELLÁMOSLLE RECORRER INDIVIDUALMENTE...**

- Propoñémosvos, de momento, **NON** recorrer individualmente.
- É mellor facelo como colectivo xa que as custas son elevadas.
- De querer facelo a nivel individual é mellor esperar aos resultados dos recursos que interporán as organizacións sindicais. Lembra que temos 4 anos de prazo.

MOI IMPORTANTE: AS E OS QUE INICIARON O PROCESO (AÍNDA QUE SÓ FOSE UN RECURSO DE ALZADA) DEBEN IR ATA O FINAL.

- Hai persoas que recorreron xa, normalmente presentando un recurso de alzada. Nese caso, deben ir ata o final, presentando recurso contencioso e os recursos posteriores que sexan necesarios ata obter unha sentenza firme.

SE DETEMOS O PROCESO E LOGO FOSE GAÑADO POLOS SINDICATOS NON SE PODERÍA RECLAMAR A PAGA EXTRA.

QUE FACER SE AS SENTENZAS PRESENTADAS POLOS SINDICATOS SON POSITIVAS?

- No caso de que haxa sentenzas firmes e estas sexan positivas solicitaríase unha **extensión da sentenza** para quen quixese reclamar.

CASOS ESPECIAIS: XUBILACIÓN

- As persoas que se xubilaban entre o 1 de xullo de 2012 e o momento do ingreso da paga extra, terían distinta retribución dependendo do tempo traballado nese período. Neses casos recomendamos esperar (o prazo tamén é ata 2015) ás sentencias xenéricas e despois solicitar a extensión de sentenza.

RETRIBUCIÓN DIGNAS DIGNIFICAN O LABOR DOCENTE !!!

Permanente do Secretariado Nacional do STEG
25 de xaneiro de 2013